Primeiro informar que a memoria ten erratas debido ao tradutor de o ordenador no que se elaborou. Se hai algún problema de entendemento por favor facdénolo chegar e enviamos a memoria correxida.

Apórtanse os seguintes documentos tralo requerimento:

1. Orzamento desgregado con e sen IVE
2. A quen está dirixido o proxecto.

O proxecto está dirixido ao conxunto do pobo galego. As protagonistas son as mulleres e a historia da sociedade industrial e labrega de principios de século en Galicia. Retrata as condicións nas que vivían as clases populares debido aos abusos das autoridades e a revolta que durou un mes en Ferrolterra por mor dos acontecementos ten o suficiente interese como para facer un traballo de dar a coñecer dunha maneira inclusiva e no que toda a sociedade forme parte activa. Os contextos e a quen se dirixe vai desde o formativo (proxección en Centros de Ensino polo seu valor documental), o referencial (proxeccións en contextos urbanos e rurais) presentación en diferentes festivais.
Ademais dentro da gavación trabállase cunha unidade didáctica da AS-PG da Revolta Popular que se traballou de maneira conxunta coa Comisión da Revolta Popular de Marzo de 1918 e que estase a levar aos colexios e institutos da comarca.
EN resumo as persoas destinatarias:

A. Centros de Ensino e formativos e festivais especializados no documental histórico.
B. Calquera persoa interesada na historia de Galicia, traballar entre sectores en risco de exclusión social e mostrar que con traballo se poden conseguir cousas. O documental ten como obxectivo non só contar unha historia se non mostrar o orgullo de pertencer a un pobo que loita e non se rende. Ademias aplicaranse estratexias na súa difusión que se teña en conta a **persoas con diversidade funcional** con subtitulado para xordos, audio para persoas cegas. O documental en si mesmo está pensado para dar unha mensaxe en positivo e inclusivo de por moi difícil que pareza con traballo e en sociedade se poden conseguir moitas cousas.

3. Estratexias de relación inerxeracional.
   No documental cóntase coa memoria oral das mulleres que dalgunha maneira fixeron chegar a “Revolta das Pedradas” á actualidade e son as **mulleres bravas e valentes** que se ergueron contra os poderosos as que conseguiron que se chegase a declarar o estado de guerra de maneira encuberta: corte de comunicacións, xuízos por rebelión e sedición, suspensión de dereitos e toma do poder por parte da garda civil e infantería... a maneira de contalo ten que estar traballado coas mulleres. O proxecto ten que contar cunha xornada de gravación onde diferentes xeracións de mulleres contan o que foron, o que somos e o que será o pobo galego no futuro. Un punto de encontro da nosa historia viva porque, a verdade, moi pouca información desta historia até os nosos días previo ao 2018: un artigo de Francisco Rodríguez, referencia ao acontecido na feira de Sedes nalgún libro sobre agrarismo, un poema de Manuel María... mais unha vez atopada a documentación o arquivo xornalístico é moi extenso e temos unha precursora que estudara os feitos nos nosos días : a profesora da Universidade da Coruña Laura

Tato. Na Revolta a parte protagonista son as **mulleres bravas e valentes** que se ergueron contra os poderosos.

4. Lingua Galega e o proxecto.
   Todo o proxecto será rodado en Lingua Galega, a lingua das persoas que se rebelaron en marzo de 1918. A produtora Nós, unha das súas normas e rodar en galego e con temática que valga para divulgar a cultura propia polo que sempre se crean estratexias neste eido. O mero feito de rodar en galego no audiovisual fai que a nosa lingua apareza nun sector no que está moi pouco normalizado e é unha posta en valor do noso idioma en si mesmo.
5. Colaboración con cinco entidades asociativas (enviadas cartas de apoio)
6. Video enlace con resumo do centeraio.

Video de dous minutos sobre “1918. A Revolta (das mulleres)” onde se resume os actos de homenaxe no centenario da Revolta como aperitivo do que podemos ver.

Enlace: https://vimeo.com/322089779

https://vimeo.com/322089779?utm_source=email&utm_medium=vimeo-cliptranscode-201504&utm_campaign=28749&utm_term=1199457

Engádegos:
1. EQUIPO PROFESIONAL PREVISTO:
(ver no orzamento anexado)
2. Contidos e enfoque social.
Este proxecto nace en todo momento co coñecemento da desif¡gualdade de xéneron e a necesidade de combatila e como sen contar a historia das mulleres quitan unha parte de Nós porque detrás de cada revolución hai mulleres que loitaron e, neste caso, foron elas as que se organizaron en comisións, as que asaltaron trens, as que fixeron dimitir alcaldes, ás que se lle aplicaron xuízos inxustos e ás que mantiveron a memorial oral.

2. **Nós, Produtora Cinematográfica Galega, S.L.** naceu co compromiso inquebrantable de apoiar e promover a cultura galega e, por tanto, tamén o galego. O seu traballo vai desde programas de entretemento para televisión, documentais etnográficos e históricos a filmes que introducen a ficción ou “A cicatriz branca” , primeira longametraxe de ficción da produtora. O interese de rodar en galego e sobre temática galega é unha maneira de poñer en valor o audiovisual propio e recibiu apoio en festivais que recoñeceron o seu traballo e dos seus directores ou desde a televisión cunha media de share nos seus produtos do 12% na TVG.

É unha produtora pequena, que non aspira a traballar varias producións á vez, pero isto é un valor en si mesmo xa que cada produto que saca está pensado e elaborado con coidado e poñendo longo tempo de documentación, pre-

produción e estudo de viabilidade.

Isto leva a posicionarse como unha produtora “non convencional” no mundo globalizado mais a súa maneira de estar no mundo desde Nós, desde Galicia.

Olaia Ledo. Olaia comeza a traballar no mundo audiovisual no 2007. Desde aquela traballou como documentalista, guionista (36 programas de “Familia de oficio” para a TVG, 13 programas para televisión “Imos de Viños” e guión nos documentais “Inmigrantes no país da emigración” e “O país dos Mixtos” , produtora executiva da terceira tempada de Familia de Oficio e axudante de produción nos filmes de Margarita Ledo “A cicatriz branca” e “Apuntamentos para un filme”, na actualidade é a directora de produción do filme de non ficción “Nación, retrato de Martina” en fase de preproducción na actualidade. Agora mesmo é e a directora e guionista de “Desertores do asfalto”serie de 13 programas de entretemento para a TVG e que están en fase de rodaxe neste momento.

Licenciada en Ciencias do Mar, accedes ao mundo audiovisual tralo guión do país dos Mixtos. Unha vez introducida neste campo estuda un ciclo de produción de cinema, televisión e radio e outro de edición de video así como outros cursos , conferencias arredor da produción e do guión.

HISTORIAL DE NÓS, P.C.G., S.L.

Nós, Produtora Cinematográfica Galega, S.L. nace, xurídicamente, o 7 de novembro do 2000, impulsada por un grupo de persoas que dende tempo atrás están vinculadas ao audiovisual galego.

De calquera xeito podémonos remontar a 1975, ano no que se constitúe na notaría viguesa de D. Alberto Casal Riba a sociedade “Nós, Cinematográfica Galega, S.A” (noticia aparecida en *La Voz de Galicia* do mércores 3 de decembro de 1975) participando activamente naqueles anos en diferentes acontecementos cinematográficos como impulsores de xornadas e festivais, promotores de proxectos de rodaxes como “A Esmorga” de Eloy Lozano Coello ou “Retorno a Tagen Ata” do mesmo autor. En 1980 falece un dos seus principais impulsores, Carlos Varela Veiga e a sociedade vai esmorecendo.

No ano 2000 un grupo de persoas vinculadas con proxectos de produción audiovisual en Galicia (Carmen Ciller Tenreiro, Margarita Ledo Andión, Xosé Lois Ledo Andión) retoman a idea e, xunto con outras persoas interesadas e algúns dos promotores e socio fundadores da primitiva NÓS (Nemesio Barxa, Carmen Fernández, Cipriano Jiménez, Ramiro Ledo, Xoán Manuel Ledo) refundan a actual "Nós, Produtora Cinematográfica Galega, S.L." que nestes anos de nova existencia producíu os seguintes filmes:

CINE (corpo técnico e presentación en festivais)

- **"BESTAS"**, no 2001, filme documental de 56', con guión e dirección de Xosé Luís Ledo Andión, foi estreado no Salón Teatro o 7 de decembro de 2001 e en TVG o 17 de maio de 2002. Foi seleccionada e participou na sección oficial informativa do Festival de Cine de Málaga de 2002.
  Festival: Festival de cine español de Málaga, 2002
- **"SANTA LIBERDADE"**, en 2002 – 2003, longametraxe documental, de 87' de duración, en coprodución con Filmanova (Galicia), Grupo Novo de Cinema (Brasil), Tango Bravo (Venezuela), Textimedia (Portugal), CNAC (Venezuela) e TVG (Galicia), con guión e dirección de Margarita Ledo Andión, presentada ó público o 22 de febreiro de 2004 no Teatro Principal de Santiago de Compostela e estreada nos Cines Verdi de Madrid e Barcelona no mes de xuño do mesmo ano, tivo unha excelente acollida entre a crítica especializada e público. Participou en diversos festivais entre os compre salientar a sección oficial a concurso do Festival de Cine de Málaga do ano 2004.
  Festivais:
  DocumentaMadrid (2017)
  Douarnenez (2012)
  Festival de Cine español de Málaga (2004)
  Docs Lisboa (2004)
- **"CCCV – Cine Clube Carlos Varela",** en 2005, filme documental de 64', con guión e dirección de Ramiro Ledo Cordeiro, en coprodución coa

Fundación Bautista Álvarez. Presentada en Lugo, na fundación Caixa Galicia en agosto de 2005 e proxectada en varias localidades galegas e do exterior, entre as que cómpre salientar: Teatro Principal (Santiago, outubro 2005), FELCO Bolivia (outubro 2005), Festival Internacional de Cinema de Ourense (novembro 2005), Universidade Autónoma de Barcelona (novembro 2005), Cineuropa (Santiago 2005), Universidade París III (decembro 2005), Filmoteca UNAM – México DF (xaneiro 2006).

Festivais:

FELCO Bolivia (2005)

OUFF, Festival Internacional de Cine de Ourense (2005)

Cineuropa (2005)

- **"LISTE, PRONUNCIADO LISTER",** en 2007, filme documental de 110' de duración, con guión e dirección de Margarita Ledo Andión e coproducida con TVG. Presentado en festivais e estreado no teatro principal en Compostela. Formou parte do DocumentaMadrid 2017 dentro dunha retrospectiva que lle ficeron á directora Margarita Ledo Andión xuntos cos filmes "Santa Liberdade" e "A cicatriz branca"

  Festivais:

  Documenta Madrid (2017)

  Douarnenez (2012)

  Festival Internacional de Derechos Humanos – Buenos Aires y Santiago de Lestero (2008)

  Festival Internacional de cine de Valparaiso de Chile (2009)

  Cineuropa (2007)

- **"INMIGRANTES NO PAÍS DA EMIGRACIÓN"**, en 2008 - 2009, filme documental de 64' de duración, con guión de Olaia Ledo Díaz e dirección de Xosé Luís Ledo Andión, coproducida por TVG e patrocinada pola Secretaría Xeral de Emigración (Presidencia de Xunta de Galicia), Secretaría Xeral de Relacións Institucionais (Vicepresidencia da Xunta de Galicia) e Deputación Provincial de Lugo. Estreada no Teatro Principal de Santiago de Compostela o ………. e programada en TVG dentro da sección "Galicia Documental".

- **“A CICATRIZ BRANCA”** Filme de Margarita Ledo Andión estreado en 2012 abrindo o Festival Cineuropa, produción galego arxentina que se estreou en varios países de Europa e América Latina desde festivais, salas especializadas ou cinemas convencionais. Participou en Ventana Sur (Bos Aires), OUFF, Babel Film Festival, Sorbonne Nouvelle. Ciclo Documentaire et nation, etc sendo o filme máis proxectado da historia da produtora. Abriu a colección de Libro – cinema de Galaxia e pódese ver na actualidade na plataforma dixital de AGADIC para cinema.
  Festivais:
  DocumentaMadrid (2017)
  Babel Film Festival (2013)
  OUFF, Festival Internacional de Cine de Ourense (2012)
  Cineuropa (2012)
- **“APUNTAMENTOS PARA UN FILME”,** mediametraxe documental (2012) gravada ao tempo que o filme “A cicatriz branca” que recolle o testemuño do que agroman os personaxes da ficción “A cicatriz branca” todas elas mulleres. Á venda desde a web online e en librarías.

TELEVISIÓN

- **“O CORPO DA ALMA”,** en 2003, serie documental de 13 capítulos de 30’ cada un, con guión e dirección de Xosé Luís Ledo Andión, producida para TVG e emitida entre agosto e novembro de 2004.
- **“O GARABELO”**, en 2005 – 2006, filme documental de 27’, con guión e dirección de Xosé Luís Ledo Andión, producida para a TVG, rematada en xuño de 2006.
- **“ELEFANTES NA NEVE”**, en 2006, reportaxe documental de 54’, con guión e dirección de Michael A. Zielke, producida para a TVG, rematado en maio de 2006.
- "**O PAÍS DOS MIXTOS",** en 2007, filme documental para TV de 54' de duración, con guión de Olaia Ledo Díaz e dirección de Xosé Luís Ledo

Andión, coproducida con TVG e a participación de AGADER e programada por TVG dentro da sección “Galicia Documental”.

- **“IMOS DE VIÑOS”**, serie de 13 reportaxes documentais de 27’ cada un, con guión de Olaia Ledo Díaz e dirección de Xosé Luís Ledo Andión, producida para TVG e emitida entre agosto e novembro de 2012.
- **“FAMILIA DE OFICIO”,** serie con tres tempadas e 36 capítulos estreada na TVG no 2014. Guión de Olaia Ledo e dirección de Xosé Luís Ledo Andión.
- **“DESERTORES DO ASFALTO”,** serie de 13 capítulos en fase de produción (2018) e rodaxe (2019) para a TVG. Dirixida por Olaia Ledo e guión de Olaia e Xosé Luís Ledo Andión.